



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS PARA A ASISTENCIA DUNHA DELEGACIÓN DO SECTOR DOS ÁRIDOS DE GALICIA AO VI CONGRESO NACIONAL DE ÁRIDOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS (ARIGAL) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de xuño de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS (ARIGAL) PARA A PARTICIPACIÓN CUN STAND PROPIO NO VI CONGRESO NACIONAL DE ÁRIDOS, que se celebra en Oviedo do 25 ao 27 de maio de 2022, en concreto as actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

- a) Instalación dun stand na exposición comercial e organización de actuacións promocionais e de divulgación que se levarán a cabo durante a celebración do dito congreso.
- b) Inscripción de dúas persoas que serán as encargadas de desenvolver as diferentes accións no stand.
- c) 4 bolsas para alumnos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo, consistentes no abono da inscrición de estudantes de último curso de Grado e Máster de enxeñaría, para que axuden nas tarefas de organización e comencen o contacto coas empresas do sector.
- d) Elaboración de material promocional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de





dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

ARIGAL constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro na que figura entre os seus fins, segundo reflicte o artigo 5 dos seus estatutos, promover a utilización e a calidade axeitada dos áridos potenciando o perfeccionamento da normativa técnica aplicable, así como apoiar e fomentar a realización de cantas actividades tendan ao mellor logro dos seus fins, entre os que está o de representación dos seus asociados e a defensa dos intereses lexítimos das actividades industriais, de fabricación e de comercialización de áridos naturais e reciclados.

Tendo en consideración a finalidade que se persigue, ARIGAL constitúe a única entidade que reúne dous requisitos singulares e cualitativos: por un lado, ser a entidade que mellor representa as empresas dedicadas á industria, fabricación e comercialización dos áridos e, por outro, ter entre os seus fins, en xeral, o fomento do sector mineiro dos áridos na Comunidade Autónoma de Galicia e, en particular, promover o desenvolvemento sustentable do sector, a defensa do medio ambiente, a custodia do territorio e a responsabilidade social e empresarial mediante a mellora da técnica, a aplicación de boas prácticas e o cumprimento das disposicións en materia de seguridade e saúde no traballo.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará ata un máximo de **DEZAOTO MIL CENTO CINCUENTA EUROS (18.150 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **06.02.734A-781.2**, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Paula Uría Traba

